

PERSONAXE 3: Rita, de Lalín.

INSTRUCCIÓN RITA

Le en voz alta, para que te escoite o resto de xogadoras/es:

Ola! Chámome Rita e vivo en Lalín. Teño 40 anos e son nai de Lúa e Breo, que teñen 15 e 4 anos. Traballo a media xornada nunha fábrica téxtil e vou sacando tempo para estudar unha oposición, porque teño medo a que me despidan e quero un emprego fixo! Traballar no téxtil vén de familia: a miña nai traballou moitos anos facendo camisas desde a casa, pero agora por aquí ninguén se adica a iso.

Información de xogo para Rita

Comezas o xogo con... 2000 puntos.

Cadro 3. Como queres mellorar profesionalmente, preséntaste a un traballo de administrativa nunha empresa. Non te contratan porque non tes estudos universitarios. Perdes 300 puntos.

Cadro 5. O teu salario – e de outras moitas compañeiras - é insuficiente para cubrir as necesidades familiares. Por ese motivo, co sindicato, organizades unha folga. Conseguides un pequeno aumento. Gañas 200 puntos.

Cadro 8. Unha vez cobraches o salario e pagas as facturas dos gastos da casa, non che queda diñeiro suficiente para mercar a comida. Pídeslle cartos prestados á túa nai. Perdes 300 puntos e retrocedes ata a saída.

Cadro 10. A túa nai cae enferma e non pode coidar a Lúa e Breo durante unha semana. Como non podes faltar tantos días, tes que pagar a unha persoa para que os coide, o cal representa unha cuarta parte do teu salario. Perdes 200 puntos e retrocedes 2 cadros.

Cadro 14. Á túa nai diagnostícanlle unha enfermidade grave. Precisa facer probas, unha operación e quedar ingresada uns días no hospital. Grazas aos e as boas profesionais médicas e aos equipos de alta tecnoloxía, a túa nai recupérase sen problemas. Ademais, a Seguridade Social cubre todos os seus gastos. Gañas 300 puntos e avanzas 2 cadros.

Cadro 17. Preséntaste a un posto de encargada nunha tenda da empresa Inditén. O cargo representa unha mellora profesional e un salario máis alto. Finalmente, o posto danllo a outra persoa. Cóntanche que os xefes non queren mulleres con fillos como encargadas. Perdes 400 puntos e retrocedes 4 cadros.

PERSONAXE 3: Rita, de Lalín.

Cadro 21. *O teu fillo ten dor de moas. Tes que faltar a traballar para levalo ao dentista e pagar a consulta. Perdes 300 puntos.*

Cadro 23. *A túa filla pasa de curso e di que quere seguir estudando "cando sexa maior". Gañas 500 puntos.*

Cadro 27. *O teu contrato de traballo finaliza nun mes. Renóvanche, pero só por 3 meses. O dono da empresa afirma en prensa que é probable que pechen algunhas fábricas en Galicia. Perdes 100 puntos e retrocedes 2 cadros.*

Cadro 30. *Ao terminar o contrato de aluguer, a propietaria do teu piso di que se queres continuar terás que pagar un 25% máis cada mes. Aínda que é moito diñeiro para ti, decides renovar o contrato porque sabes que será difícil conseguir unha vivenda máis barata. Perdes 200 puntos e retrocedes 4 cadros.*

Cadro 34. *Preséntaste como candidata para conseguir unha vivenda de protección oficial. Despois de longos trámites, consegues que te acepten. Malia que terás que pagar cotas por moitísimos anos, xa non terás que buscar máis casas de aluguer. Gañas 200 puntos e avanzas 2 cadros.*

Cadro 35. *A empresa decide pechar a fábrica onde traballas. Mobilízaste coas compañeiras co apoio do sindicato e conseguides unha indemnización. Cobrarás o paro uns meses. Gañas 200 puntos e avanzas 3 cadros.*

Cadro 37. *Inditén decide deixar de fabricar parte da produción en Galicia e busca que parte do proceso de confección da roupa se realice noutro país onde os salarios que teña que pagar sexan máis baixos. Acabas de quedar sen traballo. Perdes 500 puntos e retrocedes ata o cadro 35.*

Cadro 41. *A escola de Lúa e Breo recibe unha subvención para mellorar as instalacións. Reformaranse o ximnasio, o laboratorio e a sala de informática para o alumnado. Lúa e Breo poderán mellorar a calidade da súa educación. Gañas 300 puntos.*